

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 26 de xaneiro de 2006**

**Orde do Día** dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria, que se celebrará o vindeiro xoves, 26 de xaneiro de 2006, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Central-Actas**

1.- Aprobación da acta nº 14/05, correspondente á sesión celebrada o día 22 de decembro.

2.- Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 23.629 de 2005 á nº 224 de 2006.

### **Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais**

3.- Aprobación provisional do Plan de travesías 2005, 5ª fase e solicitude á Xunta de Galicia da declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras do proxecto modificado nº 1 do ensanche e mellora do trazado, seguridade viaria e afirmado da EP 3002 da Moura a Bens-A Coruña.

4.- Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2006. 1ª fase.

### **Promoción Económica, Emprego e Turismo**

5.- Proposta de modificación das actuacións da segunda e terceira anualidade do Plan de dinamización turística da Costa da Morte.

ACTUACIÓN DE CONTROL  
MOCIÓNS  
ROGOS E PREGUNTAS

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### DA CORUÑA

#### SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 26 DE XANEIRO DE 2006

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 26 de xaneiro de 2006, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar sesión **ordinaria** .

#### CONCORRENTES

#### PRESIDE O ILMO. SR:

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA BNG

#### ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ LUIS ARMADA CASTRO	PSOE
DON XAIME BELLO COSTA	BNG
DON MANUEL CAAMAÑO LOURO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DON FRANCISCO ANTONIO CANDELA CASTRILLO	PSOE
DONA MARÍA SOCORRO CEA VÁZQUEZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON GERMÁN DIZ ARÉN	PSOE
DON JOSÉ FERREIRO PARDIÑAS	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DONA RAQUEL JABARES FERNÁNDEZ	BNG
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON EDUARDO LAMAS SÁNCHEZ	PP
DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO	PP
DON JOSE MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP
DON RAMÓN QUINTÁNS VILA	PSOE
DON ERNESTO RIEIRO OREIRO	PP
DON ALEJANDRO RODRÍGUEZ LEMA	PSOE

DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DONA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. Secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

**1.- APROBACIÓN DA ACTA Nº 14/05, CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O DÍA 22 DE DECEMBRO.**

Apróbase a acta nº 14/05, correspondente á sesión Plenaria ordinaria do 22 de decembro.

**2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 23.629 DE 2005 Á Nº 224 DE 2006.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 23.629 de 2005 á nº 224 de 2006.

**3.- APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2005, 5ª FASE E SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DO ENSANCHE E MELLORA DO TRAZADO, SEGURIDADE VIARIA E AFIRMADO DA EP 3002 DA MOURA A BENS-A CORUÑA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar provisionalmente O PLAN DE TRAVESÍAS 2005 5º FASE integrado polos proxectos que se relacionan por ser os que se axustan ó disposto nas BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA e OS CONCELLOS PARA EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE INCLUIRÁN NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2004-2007.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO
05.1130.0018.0	MODIFICADO Nº 1 DO ENSANCHE E MELLORA DO TRAZADO, SEGURIDADE VIARIA E AFIRMADO DA E.P. 3002 DA MOURA A BENS (A	993.354,11

2.- Expoñelo ó público unha vez aprobados provisionalmente por un prazo de 10 días para efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentarse reclamacións.

3.- Solicitalle á Xunta de Galicia a declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia e en base ós informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, coa finalidade de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana, tales como:

- A actual estrada é moi estreita (entre 3,50 a 4,00 metros) sendo o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., e se proxecto a ampliación da calzada a 10,9 de anchura total:

2 carrís de 3,5 metros

2 beirarrúas de 1,8 metros máis bordo (nos tramos de beirarrúas)

1 beirarrúa de 1,8 m máis bordo e unha beiravía de 1,5 metros (nos tramos con beirarrúas e beiravía)

- a existencia de curvas perigosas con pequeno radio (menor de 40 m)

- a actual estrada discorre por unha zona altamente poboada que a converte practicamente nunha travesía urbana con edificacións e vivendas pegadas á estrada, polo que se proxecta a construción de beirarrúas de 1,80 metros de ancho en ambas marxes.

- a existencia dunha zona industrial con naves industriais con entradas desde a estrada.

- á altura do p.k. 0,480, 0,740 e 1,070 hai unhas paradas de autobús urbano tanto pola marxe dereita coma pola marxe esquerda.

- o tramo entre os p.k. 0,980 a 1,200 discorre encaixado entre edificios de vivendas por ambos lados.

- no p.k. 1,200 hai un complexo deportivo nunha explanada anexa á marxe esquerda da estrada. O trazado neste punto contén a curva máis perigosa de todo o traxecto cun radio de 40 m.

- Unha vez pasado o acceso á estrada de Nostián e ó porto de Suevos, existe unha marquesiña para a parada final do traxecto do bus urbano, debendo realizar neste punto os autobuses a manobra de cambio de sentido mediante xiro de 90º marcha atrás polo dito entronque, co conseguente risco da dita manobra, unido á incomodidade que supón para os veciños de Bens o que esta parada estea a 200 m. do núcleo urbano.

A RELACIÓN DE PROXECTOS PARA A SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA É:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	VALORACIÓN DAS EXPROPIACIÓNS	OBSERVACIÓNS
05.1130.0018.0	MODIFICADO Nº 1 DO ENSANCHE E MELLORA DO TRAZADO, SEGURIDADE VIARIA E AFIRMADO DA E.P. 3002 DA MOURA A BENS (A CORUÑA)	75.637,92	

4.- Polo que se refire á contratación das obras, esta será obxecto dun expediente independente que se tramitará unha vez que se aprobe definitivamente o plan e que consten as correspondentes autorizacións e permisos así como a dispoñibilidade dos terreos.”

#### **4.- APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006. 1ª FASE.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o plan de CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006 1ª FASE, integrado polo proxecto que a continuación se relaciona e tomar en consideración ó proxecto incluído nel, cun presuposto total de 70.763,42 euros, con cargo á partida 0401/511B/21001:

<b>CÓDIGO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>PRESUPOSTO</b>
06.1100.0001.0	MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NAS ESTRADAS PROVINCIAIS ZONA “B”	70.763,42

2.- Expoñer ó público o proxecto mediante anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobado.”

#### **5.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS DA SEGUNDA E TERCEIRA ANUALIDADE DO PLAN DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA DA COSTA DA MORTE.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aproba-las modificacións das actuacións da segunda e terceira anualidades do Plan de Dinamización Turística da Costa da Morte, aprobadas polo Pleno da Deputación, para adecualas ás modificacións propostas pola Comisión de Seguimento do convenio, do seguinte modo:

#### **ACTUACIÓNS QUE CAUSAN BAIXA OU MODIFICACIÓN NA TERCEIRA ANUALIDADE DO PDT COSTA DA MORTE**

<b>ACTUACIÓNS QUE CAUSAN BAIXA OU MODIFICACIÓN</b>	<b>IMPORTE EUROS</b>	<b>RC</b>
Execución Museo do Mar de Laxe	138.000,00	Nº 9019 RCP 1.120.162,86
Centro de Interpretación do Batán	18.363,00	Nº 9018 716.211,30
Pedra da Arca	50.760,00	Nº 9019 RCP 1.120.162,86

Formación de empresarios	40.000,00	Nº 9018 716.211,30
<b>TOTAL</b>	<b>247.123,00</b>	
<b>NOVAS ACTUACIÓNS</b>	<b>IMPORTE EUROS</b>	<b>RC</b>
Gastos varios	18.363,00	Nº 9018 462.525,49
Muíños de Ardeleiro fase II	50.760,00	Nº 9019 RCP 1.120.162,00
Asistencia a Fitur '06	12.782,00	Nº 9019 RCP 1.120.162,00
Campaña de publicidade en medios	32.453,80	Nº 9019 RCP 1.120.162,00
Cursos medioambientais	10.000,00	Nº 9019 RCP 1.120.162,00
Sinalización	36.764,20	Nº 9019 RCP 1.120.162,00
Infraestruturas náuticas	86.000,00	40.000,00 Nº 9018 462.525,49
		46.000,00 Nº 9019 RCP 1.120.162,00
<b>TOTAL</b>	<b>247.123,00</b>	

2. As cantidades imputadas ó plan unha vez aprobada a presente modificación mantense nos importes totais aprobados polo Pleno nas sesións nas que quedaron aprobadas a primeira e segunda anualidade e que son financiados co cargo a partida 0305/751A/628.00 cód.2003P0008.”

3.- A aprobación das actuacións: “Gastos varios” de 18.363,00 € e “Infraestruturas náuticas” de 86.000 € quedan condicionadas á definitiva incorporación dos remanente de créditos correlativos a elas.”

Sen máis asuntos dos que tratar, remata a sesión, sendo as doce horas e dez minutos, procedéndose a redacta-la acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o Secretario, dou fe.